

# MINISTERIO DE FOMENTO

DISPONGO:

**18426** REAL DECRETO 1249/2003, do 3 de outubro, sobre formalidades de información esixibles ós buques mercantes que cheguen ós portos españois e saian destes. («BOE» 238, do 4-10-2003.)

O 18 de febreiro de 2002, a Unión Europea aprobou a Directiva 2002/6/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de febreiro de 2002, sobre as formalidades de información para os buques que cheguen a portos dos Estados membros da Comunidade e saian destes.

Como antecedente inmediato desta directiva debe citarse o Convenio da Organización Marítima Internacional (OMI) para facilita-lo tráfico marítimo internacional, adoptado pola Conferencia internacional sobre facilitación de viaxes e transporte marítimo, do 9 de abril de 1965.

O citado convenio estableceu unha serie de formularios normalizados para facilita-lo cumprimento de determinadas formalidades relativas á información que deben achega-los buques ó entraren ou saíren de porto.

Constatouse que a maioría dos Estados membros da Unión Europea utilizan estes formularios, aínda que, ata a data, non aplican os modelos establecidos baixo os auspicios da OMI de maneira uniforme. A implantación de tales modelos uniformes, tendentes a simplificar as formalidades relativas á información, constitúe precisamente o obxecto da Directiva 2002/6/CE, da que se realiza a incorporación ó ordenamento xurídico español mediante este real decreto.

Noutra orde de cousas, o 5 de novembro de 2002 foi aprobada pola Unión Europea a Directiva 2002/84/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de novembro de 2002, pola que se modifican as directivas relativas á seguridade marítima e á prevención da contaminación polos buques. Esta norma pretende introducir en varias directivas anteriores —adoptadas xa polo ordenamento xurídico interno español mediante os correspondentes reais decretos—, referencias ó Comité de Seguridade Marítima e Prevención de Contaminación polos Buques (Comité COSS), creado polo Regulamento (CE) n.º 2099/2002 do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de novembro de 2002; e así mesmo, propónse facilita-la súa adaptación ás emendas efectuadas nos instrumentos internacionais previstos pola lexislación comunitaria no ámbito da seguridade marítima. Con esta directiva vaise mellora-la aplicación da lexislación comunitaria, xa que se axiliza a súa actualización en función dos cambios que se vaian producindo nos instrumentos internacionais polas sucesivas emendas introducidas neles.

A escasa entidade substantiva desta directiva fixo aconsellable non aprobar un real decreto específico para a súa transposición, senón levar a cabo esta tarefa mediante unha disposición específica deste real decreto, que, por conseguinte, incorpora ó ordenamento xurídico as dúas directivas antes mencionadas.

Na súa virtude, por proposta do Ministerio de Fomento, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación de Consello de Ministros na súa reunión do día 3 de outubro de 2003,

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto facilita-lo transporte marítimo, normalizando e uniformando as formalidades relativas á información procedente.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

Este real decreto aplicarase á información que están obrigados a facilita-los buques mercantes que cheguen a portos españois e saian destes, tal como figura na letra A do anexo I, en relación co buque, as provisións, os efectos da tripulación, a lista da tripulación e, no caso dun buque autorizado para transportar ata 12 pasaxeiros, a lista de pasaxeiros.

Artigo 3. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto entenderase por:

a) Convenio FAL-OMI: o Convenio da Organización Marítima Internacional para facilita-lo tráfico marítimo internacional adoptado pola Conferencia internacional para facilita-lo transporte e as viaxes marítimos, do 9 de abril de 1965.

b) Formularios FAL-OMI: os modelos de formulario de simplificación normalizados da OMI, de tamaño A4, previstos no Convenio FAL-OMI.

c) Información procedente: os datos e documentos que, por instancia das administracións marítima e portuaria españois, se deban achegar con fins administrativos e de procedemento cando un buque chegue a un porto español ou saia deste.

d) Buque: o buque de calquera tipo destinado á navegación marítima.

e) Provisións do buque: as mercadorías que vaian ser utilizadas a bordo, incluídos os produtos de consumo, as mercadorías para lles vender ós pasaxeiros e ós membros da tripulación, o combustible e os lubricantes, pero excluindo o equipo e as pezas de recambio do buque.

f) Equipamento do buque: os artigos, distintos das pezas de recambio do buque, que se transporten a bordo para seren utilizados naquel e que sexan desmontables pero non consumibles; quedan incluídos os accesorios, tales como embarcacións de salvamento, material de salvamento, a moblaxe, os aparellos e pertrechos do buque e outros artigos similares.

g) Pezas de recambio do buque: os artigos de reparación ou de recambio destinados a seren incorporados ó buque que os transporta.

h) Efectos da tripulación: a roupa, artigos de uso corrente e outros obxectos, incluídas especies monetarias, pertencentes ós membros da tripulación e transportados a bordo do buque.

i) Membro da tripulación: toda persoa contratada para desempeñar a bordo, durante unha viaxe, comeditos en relación co funcionamento ou o servizo do buque, e que figure nas listas da tripulación.

Artigo 4. *Aceptación dos formularios.*

A Administración marítima española considerará cumpridas as formalidades relativas á información procedente, mencionada no artigo 2, cando a presentación sexa conforme coas especificacións correspondentes establecidas nas letras B e C do anexo I e os correspondentes modelos de formularios establecidos no anexo II cos tipos de datos que nel figuran.

Disposición adicional primeira. *Modificación de normas relativas á seguridade marítima e á prevención da contaminación mariña.*

Co fin de actualizalo noso ordenamento xurídico, no ámbito da seguridade marítima e a prevención da contaminación mariña, en función dos cambios producidos nos instrumentos internacionais aplicables polas sucesivas emendas que se van introducindo, modifícanse as seguintes normas:

Un. O artigo 2.e) do Real decreto 90/2003, do 24 de xaneiro, sobre regras e estándares comúns para as organizacións de inspección e control de buques e para as actividades correspondentes da Administración marítima, queda modificado nos seguintes termos:

«e) Convenios internacionais: o Convenio internacional para a seguridade da vida humana no mar (SOLAS) 1974/1978, o Convenio internacional sobre liñas de carga de 1966 e o Convenio internacional para previla contaminación polos buques (MARPOL) de 1973/1978 xunto cos seus protocolos e as súas modificacións, así como os correspondentes códigos de carácter obrigatorio e os que os modifiquen ou substitúan, na súa versión vixente.»

Dous. O último inciso da alínea a) e a alínea b) do artigo 2 do Real decreto 91/2003, do 24 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as inspeccións de buques estranxeiros en portos españois, quedan modificados nos seguintes termos:

«Xunto cos protocolos e emendas destes convenios e os códigos conexos de carácter obrigatorio, na súa versión vixente.

b) MA: o Memorando de París para o control dos buques polo Estado rector do porto, asinado en París o 26 de xaneiro de 1982, na súa versión vixente.»

Tres. O Real decreto 809/1999, do 14 de maio, polo que se regulan os requisitos que deben reunir os equipamentos mariños destinados a ser embarcados nos buques, en aplicación da Directiva 96/98/CE, modificada pola Directiva 98/85/CE, queda modificado nos seguintes termos:

a) Na alínea c) do artigo 2 suprímese a mención ó 1 de xullo de 2002.

b) Nas alíneas d).4.º e ñ) do artigo 2 a mención ó 1 de xullo de 2002 debe entenderse feita á versión vixente.

Catro. As alíneas a), b), c), d) e f) do artigo 3 do Real decreto 1247/1999, do 16 de xullo, sobre regras e normas de seguridade aplicables ós buques de pasaxe que realicen travesías entre portos españois, quedan substituídas polas seguintes:

«a) “Convenios internacionais”: o Convenio internacional para a seguridade da vida humana no mar de 1974 (“Convenio SOLAS de 1974”) e o Convenio internacional sobre liñas de carga de 1966, xunto cos protocolos e emendas a tales convenios, na súa versión vixente.

b) “Código de estabilidade sen avaría”: o Código de estabilidade sen avaría para tódolos tipos de buques rexidos polos instrumentos da OMI contidos na resolución A.749 (18), do 4 de novembro de 1993, da Asemblea da OMI, na súa versión vixente.

c) “Código de naves de gran velocidade”: o Código internacional de seguridade para as naves de gran velocidade contido na resolución (MSC) 36 (63),

do 20 de maio de 1994, do Comité de Seguridade Marítima da OMI, na súa versión vixente.

d) “SMSSM”: o Sistema mundial de socorro e seguridade marítimos, tal como figura no capítulo IV do Convenio SOLAS de 1974, na súa versión vixente.

f) “Nave de pasaxe de gran velocidade”: a nave de gran velocidade definida na regra 1 do capítulo X do Convenio SOLAS de 1974, na súa versión vixente, que transporte máis de 12 pasaxeiros; non se considerarán naves de pasaxe de gran velocidade aqueles buques de pasaxe que realicen travesías nacionais en zonas marítimas de clase B, C ou D, cando o seu desprazamento correspondente á flotación de proxecto sexa inferior a 500 m<sup>3</sup> e a súa velocidade máxima, tal como se define no punto 1.4.30 do Código de naves de gran velocidade, non exceda os 20 nós.»

Cinco. As referencias dos artigos 7.1 e 8.1 do Real decreto 1247/1999, do 16 de xullo, sobre regras e normas de seguridade aplicables ós buques de pasaxe que realicen travesías entre portos españois, ó Convenio SOLAS de 1974 deberanse entender feitas ó mencionado convenio na súa versión vixente.

Seis. A alínea b) do artigo 2 do Real decreto 665/1999, do 23 de abril, polo que se regula o rexistro das persoas que viaxan a bordo de buques de pasaxe, queda substituída pola seguinte:

«b) Nave de pasaxe de gran velocidade: a definida na regra 1 do capítulo X do Convenio SOLAS de 1974 na súa versión vixente.»

Sete. As referencias realizadas ó Convenio SOLAS de 1974 nas alíneas b), d), e) e ñ) do artigo 2 do Real decreto 1907/2000, do 24 de novembro, polo que se aproba o Regulamento sobre recoñecementos obrigatorios para garanti-la seguridade da navegación de determinados buques de pasaxe, deben entenderse realizadas ó mencionado convenio na súa versión vixente.

Oito. O número 7 do anexo I do Real decreto 1907/2000, do 24 de novembro, polo que se aproba o Regulamento sobre recoñecementos obrigatorios para garanti-la seguridade da navegación de determinados buques de pasaxe, queda redactado como segue:

«7. Se dispoña dun plan de travesía actualizado antes da saída do buque. Este plan elaborárase cumprindo plenamente a Resolución A. 893 (21) da Asemblea da OMI.»

Nove. Os números 1, 9 e 10 do artigo 2 do Real decreto 2062/1999, do 30 de decembro, polo que se regula o nivel mínimo de formación en profesións marítimas, quedan substituídos polos seguintes:

«1. “Convenio STCW”: o Convenio internacional da Organización Marítima Internacional sobre normas de formación, titulación e garda para a xente de mar, aplicable ós temas pertinentes, tendo en conta as disposicións transitorias do artigo VII e a regra I/15 do convenio, e incluíndo, sempre que sexan pertinentes, as disposicións aplicables do Código STCW, todos eles na súa versión vixente.

9. “Buque cisterna para produtos químicos”: un buque mercante construído ou adaptado para o transporte a granel de calquera dos produtos líquidos enumerados no capítulo 17 do Código internacional para a construción e equipamento de buques que transporten produtos químicos perigosos a granel, na súa versión vixente.

10. “Buque cisterna para gases licuados”: un buque construído ou adaptado para o transporte a granel de calquera dos gases licuados ou outros

productos enumerados no capítulo 19 do Código internacional para a construción e equipamentos de buques que transporten gases licuados a granel, na súa versión vixente, e que se utilice para esta finalidade.»

Dez. Engádenselle ó artigo 2 do Real decreto 2062/1999, do 30 de decembro, polo que se regula o nivel mínimo de formación en profesións marítimas, os números 29, 30, 31 e 32, coa seguinte redacción:

«29. “Regulamento de radiocomunicacións”: Regulamento de radiocomunicacións revisado, adoptado pola Unión Internacional de Telecomunicacións (UIT).

30. “Deberes relacionados co servizo radioeléctrico”: os de garda e os relativos a operacións técnicas de mantemento e reparación, que se desempeñen de conformidade coas disposicións do Regulamento de radiocomunicacións, o Convenio internacional para a seguridade da vida humana no mar de 1974 (Convenio SOLAS) e, cando a Administración marítima o coide pertinente, as recomendacións pertinentes da Organización Marítima Internacional (OMI), todos eles na súa versión vixente.

31. “Buque de pasaxe de transbordo rodado”: un buque de pasaxe con espazos de carga rodada ou de categoría especial, tal como se definen no Convenio SOLAS, na súa versión vixente.

32. Código STCW: o Código de formación, titulación e garda para a xente de mar aprobado mediante a Resolución 2 da Conferencia das Partes do Convenio STCW, na súa versión vixente.»

Once. O artigo 3.b) do Real decreto 995/2003, do 25 de xullo, polo que se establecen os requisitos e procedementos harmonizados para as operacións de carga e descarga dos buques graneleiros, queda modificado nos seguintes termos:

«b) Convenio SOLAS de 1974: o Convenio internacional para a seguridade da vida humana no mar, xunto cos protocolos e emendas correspondentes, na súa versión vixente.»

Disposición adicional segunda. *Presentación e transmisión da información.*

A información a que se fai referencia neste real decreto presentarase de acordo cos requisitos e seguindo o procedemento establecido na Orde FOM/3056/2002, do 29 de novembro, pola que se establece o procedemento integrado de escala de buques nos portos de interese xeral.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Queda expresamente derogado o artigo 1 da Orde do 12 de decembro de 2001, pola que se actualizan as condicións técnicas do Real decreto 809/1999, do 14 de maio, sobre equipos mariños, así como cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación competencial.*

Este real decreto díctase ó abeiro do establecido no artigo 149.1.20.<sup>a</sup> da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación normativa.*

O ministro de Fomento dictará as disposicións necesarias para o desenvolvemento e a execución deste real decreto e, en particular, adaptará no prazo de tres meses a Orde FOM/3056/2002, do 29 de novembro.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 3 de outubro de 2003.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Fomento,  
FRANCISCO ÁLVAREZ-CASCOS FERNÁNDEZ

## ANEXO I

A. *Lista que contén a información procedente a que se refire o artigo 2 con respecto a buques que cheguen ós portos españois e que saian destes*

1. Formulario FAL-OMI 1: Declaración xeral.—A declaración xeral será o documento en que figure a información relativa ó buque que sexa esixida pola Administración marítima española á chegada e á saída daquel.

2. Formulario FAL-OMI 3: Declaración de provisións do buque.—A declaración de provisións do buque será o documento en que figuren os datos esixidos pola Administración marítima española relativos ás provisións do buque á chegada e á saída daquel.

3. Formulario FAL-OMI 4: Declaración de efectos da tripulación.—A declaración de efectos da tripulación será o documento en que figuren os datos esixidos pola Administración marítima española relativas ós efectos da tripulación. Este formulario non se esixirá á saída.

4. Formulario FAL-OMI 5: Lista da tripulación.—A lista da tripulación será o documento en que figuren os datos esixidos pola Administración marítima española á chegada e saída do buque relativos ó número e a composición da tripulación. Cando a citada Administración solicite información acerca da tripulación dun buque á súa saída, aceptarase unha copia da lista da tripulación presentada á chegada, sempre que vaia de novo asinada e ratificada para indicar calquera cambio no número ou composición da tripulación ou para indicar que non houbo ningún cambio.

5. Formulario FAL-OMI 6: Lista de pasaxeiros.—No caso dos buques autorizados para transportar ata doce pasaxeiros, a lista de pasaxeiros será o documento en que figuren os datos requiridos pola Administración marítima española relativos ós pasaxeiros á chegada e saída do buque.

## B. *Signatarios*

1. Formulario FAL-OMI 1: Declaración xeral.—A Administración marítima española aceptará toda declaración xeral que vaia datada e asinada polo capitán, o consignatario ou calquera outra persoa expresamente autorizada polo capitán ou ben debidamente cotexada.

2. Formulario FAL-OMI 3: Declaración de provisións do buque.—A Administración marítima española aceptará toda declaración de provisións do buque que vaia datada e asinada polo capitán ou por calquera outro oficial do buque expresamente autorizado por este e que coñeza de primeira man as características das provisións ou ben debidamente cotexada.

3. Formulario FAL-OMI 4: Declaración dos efectos da tripulación.—A Administración marítima española aceptará toda declaración dos efectos da tripulación que

vaia datada e asinada polo capitán ou por calquera outro oficial do buque expresamente autorizado por este ou ben debidamente cotexada. A citada Administración tamén lle poderá solicitar a cada tripulante que asine ou, se non o pode facer, que faga unha marca de identificación en relación coa declaración dos seus efectos.

4. Formulario FAL-OMI 5: Lista da tripulación.—A Administración marítima española aceptará toda lista da tripulación que vaia datada e asinada polo capitán ou por calquera outro oficial do buque expresamente autorizado por este ou ben debidamente cotexada.

5. Formulario FAL-OMI 6: Lista de pasaxeiros.—Respecto dos buques autorizados para transportar ata 12 pasaxeiros, a Administración marítima española aceptará toda lista de pasaxeiros que vaia datada e asinada polo capitán, o consignatario ou calquera outra persoa expresamente autorizada polo capitán ou ben debidamente cotexada.

### C. *Especificacións técnicas*

1. O formato dos formularios FAL-OMI axustarase ás dimensións dos modelos que figuran no anexo II. Estes formularios imprimíranse en follas de papel independen-

tes de tamaño A4 (210 × 297 mm) en formato vertical, e un tercio do dorso daqueles reservárase para o uso oficial da Administración marítima española.

Para os efectos de recoñecemento dos formularios FAL-OMI, o formato e a disposición dos formularios de facilitación normalizados, recomendados e reproducidos pola OMI e baseados no Convenio FAL-OMI, na versión en vigor o 1 de maio de 1997, consideraranse equivalentes ó formato reproducido no anexo II.

2. A Administración marítima española aceptará a información facilitada mediante calquera medio comprensible e lexible, incluídos formularios cubertos con tinta ou lapis indeleble ou formalizados mediante técnicas de tratamento automático de datos.

3. A Administración marítima española aceptará a transmisión da información sobre o buque por medios electrónicos, sempre que fose producida por técnicas de tratamento ou intercambio electrónico de datos conformes coas normas internacionais, se presente de forma lexible e comprensible e conteña a información requirida.

Posteriormente a Administración marítima española poderá procesar a información obtida no formato que considere apropiado.

## ANEXO II

## Modelos de formularios FAL OMI a que se refiren o artigo 4 e mailo anexo I

## DECLARACIÓN XERAL OMI

Convenio OMI para facilitar-lo tráfico marítimo internacional

		<input type="checkbox"/> Chegada	<input type="checkbox"/> Saída
1. Nome e descrición do buque		2. Porto de chegada/saída	3. Data e hora de chegada/saída
4. Nacionalidade do buque	5. Nome do capitán	6. Porto de procedencia/Porto de destino	
7. Certificado de matrícula (porto, data, número)		8. Nome e enderezo do consignatario	
9. Tonelaxe bruta	10. Tonelaxe neta		
11. Situación do buque no porto (posto ou atracada de estación)			
12. Pormenores sucintos referentes á viaxe (escalas anteriores e posteriores; sublíñese ónde se descargará a carga restante)			
13. Descrición sucinta da carga			
14. Número de membros da tripulación (incl. o capitán)	15. Número de pasaxeiros	16. Observacións	
Documentos adxuntos (indíquese o número de exemplares)			
17. Declaración de carga	18. Declaración de provisións do buque		
19. Lista da tripulación	20. Lista de pasaxeiros	21. Data e sinatura do capitán, o axente ou oficial autorizado	
22. Declaración de efectos da tripulación (*)	23. Declaración sanitaria marítima (*)		

Para uso oficial

**FAL OMI**  
**FORM 1** \_\_\_\_\_

(\*) Só á chegada









